MONFORTE DE LEMOS

Dona KATHERINIE VARELA FERNANDEZ, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Popular no Concello de Monforte de Lemos, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO PARA INSTAR AO MINISTERIO DE TRANSPORTES E RENFE A RESTABLECER FRECUENCIAS FERROVIARIAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Lugo é unha provincia moi castigada polo Goberno de España no eido das infraestruturas. O estado das estradas de titularidade estatal é lamentable pero tamén o é a falta de consideración coa nosa provincia no que atinxe ao transporte ferroviario.

Tras sacar peito polas obras na vía ferroviaria entre Ourense e Lugo, pasando por Monforte de Lemos e Sarria, a realidade é que a nosa provincia quedou sen alta velocidade.

Pero o peor é que tampouco contamos con boas frecuencias ferroviarias e Monforte tamén sofre esta falta de frecuencias.

Uns dos trens máis demandados é o tren nocturno a Barcelona. Eliminado por mor da pandemia, que, sen embargo, pasados seis anos e totalmente superada a crise da Covid, aínda non se restableceu este tren que comunicaba a nosa provincia, non só con Barcelona, senón tamén con numerosas capitais de provincia do Norte de España.

O mesmo sucede con outras frecuencias ferroviarias, como os enlaces a Madrid. Recentemente anunciouse a bombo e prato por parte dos dirixentes socialistas galegos o comezo de circulación dun tren Alvia a Madrid desde Lugo, pasando por Monforte de Lemos, ás 05:18 horas, que permitía chegar moi cedo á capital española. Pero o que non contaron é que este tren suprimía o que saía ás 11:20 horas, polo tanto, simplemente fixeron un cambio de horario.

Ademais os enlaces con Ourense, para poder tomar o tren de alta velocidade, son insuficientes, e moitas veces prodúcense retrasos que impiden tomar o tren de maneira correcta.

Por todo o exposto, presentamos a seguinte proposta de acordo para o seu debate e aprobación no pleno da corporación municipal.

- Instar ao Ministerio de Transportes e a RENFE ao restablecemento das frecuencias ferroviarias que afectan a Monforte de Lemos, destacando o tren nocturno a Barcelona e o tren Alvia das 12:20 horas.

- Instar ao Ministerio de Transportes e a RENFE a que adquiran o compromiso de mellorar os tempos e evitar atrasos para así mellorar os enlaces entre trens.

VARELA FERNANDEZ KATHERINIE - 34269239K

Firmado digitalmente por VARELA FERNANDEZ KATHERINIE - 34269239K
Fecha: 2026.09.17 13:39:43 +02'00'

CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS

RECIBO

Selo de Órgano de Secretaría (1 para 1)
Concello de Monforte de Lemos
Data de Sinatura: 17/09/2026
HASH: 5cf9bd56ab015a106a8e4499e7968254

REXISTRO DE ENTRADA

OFICINA	NÚM. REXISTRO	DATA E HORA
Oficina Auxiliar de Rexistro de O Pleno	2026-E-RPLN-32	17/09/2026 13:40

RESUMO

Proposta de Resolución: MOCIONS PLENO SEPTIEMBRE PP DE MONFORTE

TERCEIRO	NÚM. DE IDENTIFICACIÓN	NOME
Interesado	34269239K	KATHERINIE VARELA FERNANDEZ

DOCUMENTOS

NOME DO FICHEIRO: Moción Finca Pazo de Tor.pdf
TIPO DE DOCUMENTO:
VALIDEZ:
CSV:
PEGADA DIXITAL: b014567f1dbd9b705982e02f5af873e6685b42dc

NOME DO FICHEIRO: Mocion frecuencias ferroviarias.pdf
TIPO DE DOCUMENTO:
VALIDEZ:
CSV:
PEGADA DIXITAL: 64f2e4ddb91d0c635ccf1b757955d6c95e9899a9

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 753PYQGM64Y3PYL2CEQRND3JL
Corrección: https://monfortedelemos.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1